



R pon a disposición dos concellos galegos un servizo pioneiro de gravación e difusión de plenos municipais

_Permite reducir ao máximo os custos de produción de vídeo e que sexan os/as usuarios/as quen dirixan e utilicen as ferramentas específicas segundo as súas necesidades.

_Ofrece a posibilidade de transmisión automática, participación de forma remota, comentarios en directo e tradución de signos 'online'.

_Responde ao proceso de dixitalización das administracións públicas, que necesitan emitir actas dos plenos en soporte electrónico con incorporación do arquivo audiovisual das sesións.

Xoves, 26 de novembro de 2020.- R presentoulles aos concellos galegos un servizo pioneiro deseñado para lles dar resposta a dúas das principais necesidades que se xeran nas entidades locais: a transparencia e difusión dos plenos e outras reunións de interese, por unha banda, e o desenvolvemento da actividade municipal e a súa adaptación ás esixencias da sociedade dixital, por outra.

Trátase dunha proposta innovadora baseada na **intelixencia artificial**, que permite gravar, almacenar e emitir os plenos municipais dos concellos, e está avalada pola Unión Europea. O servizo de gravación e difusión de plenos municipais é moi sinxelo e automático. Afórralle moito traballo ao secretario á hora de efectuar as actas e dálle máis transparencia ao concello, xa que a cidadanía pode seguir en vivo as sesións plenarias.

Ademais, simplifica tamén a xestión porque unha vez instalado, xa está dispoñible 24 horas 365 días ao ano e pode emitirse de forma simultánea por diferentes canles: *youtube*, web do Concello, tv local, etc.

Cada día son máis os municipios galegos que utilizan as novas tecnoloxías para **achegarse á poboación** e facilitarlle o coñecemento dos diferentes procesos. Ao mesmo tempo, a dixitalización das administracións públicas ten unha base normativa que esixe **actas dos plenos en soporte electrónico** con incorporación do arquivo audiovisual das sesións, para recoller as intervencións de forma literal.

Por iso, baseándose nesta nova necesidade das corporacións locais, e grazas aos seus acordos cos principais socios tecnolóxicos, **R** deseñou un servizo para axudar aos concellos pequenos e grandes a migrar cara á denominada “acta dixital”.

O principal obxectivo é mellorar a dixitalización da atención cidadá, mantendo a presencial, e impulsando a evolución da tramitación electrónica, a interoperabilidade e a simplificación administrativa.

Alianza R-Cinfo

Como asesor e divulgador tecnolóxico, o obxectivo fundamental de **R** é axudar ás empresas e ás administracións públicas de Galicia a coñecer e incorporar de forma áxil e sinxela as novas tecnoloxías e servizos dixitais que lles permitan afrontar con éxito os retos tecnolóxicos e poder así ofrecer servizos públicos de utilidade para satisfacer as necesidades da cidadanía.

A retransmisión en directo dos plenos e outros eventos municipais é posible grazas á **alianza de R con CINFO**, empresa especializada en sistemas intelixentes de produción automática de vídeo na nube mediante a súa tecnoloxía propia denominada **tiivii**. Esta tecnoloxía incorpora sistemas intelixentes que permiten que cámaras fixas e móbiles gobernadas por intelixencia artificial produzan o sinal de TV de forma automática e con alta calidade, reducindo ao máximo os custos de produción de vídeo e achegando unha instalación avanzada adaptada para diferentes eventos de interese. A emisión faise en directo e os/as usuarios/as poden seguir os plenos tanto desde os seus computadores persoais, como desde *tablets* ou teléfonos móbiles.

Para levar a cabo as retransmisións en directo realízase unha **instalación avanzada** consistente nunha cámara que recolle os diferentes planos en cada momento; un *encoder* ou codificador de audio, para a entrada dos diferentes micrófonos da sala de plenos en formato analóxico e transformación do son en sinal dixital; e un micrófono de medio ambiente, que ademais actúa de *backup* do audio.

A plataforma **tiivii** permite **reducir ao máximo os custos de produción** de vídeo e dótalles aos usuarios da capacidade para dirixir e utilizar as ferramentas específicas segundo as súas necesidades. Ofrece a posibilidade de transmisión automática, participación de forma remota, comentarios en directo, tradución de signos *online* e moito máis.

O servizo de emisión pódese completar con varias funcionalidades: unha **web** onde o evento queda a disposición dos usuarios, cun indexado que marca as intervencións de cada concelleiro; **puntos da orde do día**; **firma dixital** e **videoteca** con todos os plenos e actos do concello.

Servizo pioneiro de produción automatizada e remota

Este servizo é pioneiro ao permitir a **produción automatizada e remota**, sen presenza no salón de plenos dun/dunha operador/a, o que facilita a súa adopción por parte de concellos pequenos e o seu desenvolvemento con outras utilidades engadidas mesmo para eventos diferentes. Os plenos non son a única aplicación práctica deste servizo de **R**, xa que os concellos poden usar esta mesma tecnoloxía noutros recintos e actividades municipais, como eventos culturais, roldas de prensa e competicións deportivas.

Como é lóxico, o uso destas tecnoloxías xera unha cantidade significativa de datos tan útiles como fráxiles, que deben estar accesibles e ao mesmo tempo protexidos en todo momento. Por iso, **R** ofrece as solucións adecuadas mediante o seu *datacenter* virtual, garantindo sempre a máxima seguridade, cun servizo 7x24 en permanente evolución tecnolóxica.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal